

A restauración invisible

Ana Villarquide Jevenois

Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia

jevenois@edu.xunta.es

Fronte a unha obra restaurada tendemos a comparar, como nun xogo de busca de diferenzas, a súa aparencia presente coa dunha fotografía anterior que nos permita contrastar o antes e o despois, ou canto mellorou o seu aspecto actual. Pero acontece que, deste modo, os tratamentos máis evidentes se convierten nas únicas referencias dun proceso moito máis complexo. Os cambios, que polo xeral pasan desapercibidos, vense así relegados inxustamente a tratamentos carentes de importancia.

Por poñer un caso frecuente, moitas reintegracións que rematan o proceso achegando un signo de calidade, en ocasións excesivo, son ao tempo prescindibles e coa función máis de manter a integridade e o aspecto da obra, que a da súa conservación.

Á vez, outras moitas propostas esenciais fican nun segundo plano, como pasos intermedios ou aparentemente sen importancia. Esta invisibilidade acentúase aínda máis ao cingirse ao principio da mínima intervención, un precepto que persegue a norma importantísima de engadir e variar o mínimo a obra e, en definitiva, de estabilizala sen modificacións aparentes. É dicir, traballar sobre o cadro sen que se perciba o realizado.

Como resulta evidente, é difícil para un alumno compatibilizar a satisfacción do progreso na restauración cun traballo, en certo modo anónimo, se non está fundamentado nunha inquietude polo coñecemento.

Por todas estas razóns, intentamos que este conxunto de tratamentos centren o desenvolvemento pedagóxico dos futuros profesionais. Sabemos que non será doado que atopen ocasións para aplicalos nunha posterior vida laboral chea de urxencias no traballo e de apertadas datas de entrega, precisamente porque son procesos que requiren moito coidado, tempo, reflexión e valoración da súa eficacia en cada caso concreto.

Para un alumno resulta difícil compatibilizar a satisfacción do progreso cun traballo anónimo, se non está fundamentado nunha inquietude polo coñecemento

Un destes tratamentos que aprende o noso alumnado é o tensado dos lenzos con humidade, proceso substituínte dos antigos "planchados", pero máis respectuoso e relaxante para a estrutura pictórica. Para un ollo inexperto apenas se distinguirá, aínda que esta invisibilidade implica, precisamente, o respecto pola obra sen a modificar: evitando a presión mantérase a mesma textura, os mesmos empastes e pinceladas, e frearase a deterioración.

O tratamento consiste, dalgún xeito, na reconstrución dos procesos que levaron a un soporte á contracción e estrés, e que adoita desembocar en desprendementos de pintura e esgazaduras ou deformacións no tecido.

Para isto constrúese unha cámara pechada na que se introduce

a pintura, achegándolle a humidade a través dun vaporizador ou mediante a calor dunha mesa térmica. Mídese periodicamente a humidade relativa da cámara cun higrómetro e de modo que esta non supere nunca o 80%; ata este punto o tecido e os encolados do cadro aumentarán a súa flexibilidade permitindo o tensado. Esta medida non debe nunca superar o 80% dado que, neste caso, o efecto sería o contrario, provocando a contracción do lenzo tal e como acontece cando a roupa encolle ao lavala. Unha vez que se leva o tensado ao máximo, deshumidifícase, permitindo a entrada gradual de aire seco na cámara, ou empregando unha mesa de succión que permite a evaporación da humidade cunha presión mínima. Coa obra nestas condicións, xa é posible adherir a pintura ou realizar os tratamentos necesarios que restan.

Estas intervencións encerran hoxe certas dificultades debido a que están pouco normativizadas e escasamente sustentadas en estudos e publicacións. Non obstante, á vista dos bos resultados que proporcionan, deberían poñerse, sempre que sexa posible, nas prácticas de restauración pictórica. Estamos a falar dunha liña de formación pouco espectacular pero que aglutina os principios e métodos que deberían estar sempre presentes no propio proceso de restauración e no inequívoco respecto pola obra.